

Memoria de actividades

Centro de Estudos Galegos John Rutherford da Universidade de Oxford

Hilary Term e Trinity Term 2021

Responsable do CEG

Javier Muñoz-Basols, Senior Lecturer in Spanish, University of Oxford

javier.munoz-basols@mod-langs.ox.ac.uk


Oxford, 31 de outubro do 2021

Lectora

María Liñeira

maria.linheira@gmail.com

Oxford, 31 de outubro do 2021



As actividades realizadas polo CEG de Oxford divídense en actividades docentes e culturais. A respecto das primeiras, a lectora creou e dotou de contido a canle de Teams do CEG, especialmente no que se refire a material docente coma os *Aula de Galego*. Ademais, impartiu unha hora semanal de cada un dos tres niveis de lingua e cultura galegas durante as oito semanas de cadanseu trimestre, Hilary e Trinity Term, de xaneiro a xuño de 2021. As clases tiveron lugar en liña a través da plataforma de Teams. O alumnado dividiuse do seguinte modo: Galician I (2 alumnos), Galician II (3 alumnos) e Galician III (3 alumnos). Grazas á modalidade en liña por primeira vez na historia do lectorado un alumno, Nicholas West, puido asistir ás clases de Galician III durante as súas estadias en Barcelona e París dentro do Ano no Estranxeiro (3º ano da carreira). Dentro das responsabilidades docentes, a lectora elaborou un plan de traballo para Nicholas West, que conta con estudar o Paper XII: Modern Galician Linguistics no curso 2021/2022 que está agora en mans da nova lectora.

A respecto das segundas, ademais da dinamización do perfil de Facebook "Galego en Oxford", organizáronse as seguintes actividades culturais:

"En conversa con Raquel Miragaia" (26/02/2021)

Conversa entre a lectora María Liñeira, a crítica literaria Ana Salgado e a escritora en galego reintegrado Raquel Miragaia, residente en Lisboa, en que se falou da obra da escritora, especialmente da súa última novela, *Tempo Tardade* (Através Editora, 2020). A actividade levouse a cabo en aberto en liña (Zoom) e foi difundida polas redes (CEG, Facultade, e promocionada no Facebook "Galego en Oxford").



"Vampiras na literatura galega" (29/04/2021)

Conferencia da poeta e investigadora Lorena Souto sobre a figura da vampira na literatura galega, especialmente na obra de Margarita Ledo Andión e Cris Pavón. A actividade levouse a cabo en aberto en liña (Zoom) e foi difundida polas redes (CEG, Facultade, e promocionada no Facebook "Galego en Oxford").



Intercambio lingüístico galego-inglés cos estudantes da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. A realizar a partir de marzo de 2021.

Por iniciativa da responsable do Equipo de Normalización Lingüística da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Isabel Barreiro Quibén, organizáronse unha serie de actividades para crear redes de intercambio lingüístico (galego-inglés) entre o alumnado de Oxford e o asociado coa EOI de Pontevedra, que inclúe as seccións de Lalín e da Estrada ademais da do centro de Pontevedra. O día 24 de marzo organizouse unha reunión en liña a través de Webex co alumnado interesado e despois elaboráronse parellas que se foron reunindo de modo independente.

Actividade para o Día das Letras Galegas. Conferencia da lectora, María Liñeira, sobre Xela Arias para o alumnado de secundaria do Instituto español Cañada Blanch de Londres (17/05/2021)

O profesor de lingua e literatura galegas, Andrés Temprano, do Instituto español Cañada Blanch de Londres organizou unha conferencia impartida pola lectora do CEG, María Liñeira, sobre o Día das Letras Galegas e a escritora Xela Arias para o alumnado da ESO.

A festa da literatura galega o Día das Letras Galegas

17 de maio de 2021
Día das Letras Galegas Xela Arias
Sesión no Instituto Español Vicente Cañada Blanch (Londres)

Dr María Liñeira
Lectora de galego
John Rutherford Centre for Galician Studies
Faculty of Medieval and Modern Languages
University of Oxford
maria.linheira@mod-langs.ox.ac.uk



